

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Rábade, recordándolle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local, de procedemento administrativo e de transparencia e acceso á información pública, debe contestar expresamente sobre o escrito presentado polo promotor desde expediente de queixa no suposto de que non o tivera feito na data de recepción desta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía

Expediente: C.8.Q/7460/22

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2023

Sr. Alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente á falta de resposta do Concello de Rábade sobre campañas informativas das obrigas dos donos de animais domésticos

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data do 5 de setembro do 2022, o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que:

“No contestan registro realizado 4/6/2022 (2022-E-RE-134). Contido:

Recordar que hay una legislación en materia animal en concreto la Ley 4/2017, de 3 de octubre, de protección y bienestar de los animales de compañía en Galicia. Llevar a cabo campañas informativas y de sensibilización es importante, para reducir los abandonos de animales domésticos y controlar las poblaciones de los animales, principalmente perros y gatos. Esto implica el bienestar de los animales domésticos y domésticos abandonados por lo tanto salud animal, y la salud pública.

Así mismo, recordar:

Artículo 5. Principio general.

Todas las administraciones públicas de Galicia cooperarán en el desarrollo de las medidas de defensa y protección de los animales incluidos en el ámbito de aplicación de la presente ley y en la denuncia ante los órganos competentes de cualquier actuación contraria a lo dispuesto en la misma.

Artículo 6. Competencias de las administraciones en materia de protección animal.

1.- Se atribuye a las personas titulares de las alcaldías de los ayuntamientos de Galicia la responsabilidad superior en la defensa y protección de los animales incluidos en el ámbito de aplicación de la presente ley en su término municipal.

2.- En el ámbito de la Administración autonómica, la aplicación de esta ley corresponde a la consejería competente en materia de protección animal.

Solicita:

Si no se están llevando a cabo campañas de sensibilización o informativas sobre las obligaciones de los propietarios de mascotas (artículo 7), ni de la importancia de la castración ambas en relación a los animales domésticos, y animales domésticos abandonados, y identificación con microchip. Instamos a este Concello que comience a tomar acción.

Recordamos:

Artículo 32. Divulgación, educación y formación.

1. La Administración autonómica está obligada a la divulgación de los contenidos de la presente ley. A tal efecto, promoverá especialmente campañas periódicas de sensibilización y de promoción sobre la tenencia responsable, campañas divulgativas sobre la obligación de identificación animal y la adopción de medidas así como campañas de fomento de las adopciones en los centros de recogida autorizados.

2. La Administración general de la Comunidad Autónoma divulgará el contenido de esta ley entre el alumnado escolar y la ciudadanía y velará por la inclusión de contenidos relacionados con la protección animal en los programas educativos que se desarrollen en su ámbito territorial.

Asimismo, promoverá la realización de campañas de formación destinadas a las personas propietarias y poseedoras de animales, a fin de que se garantice una tenencia acorde con sus necesidades etológicas y físicas.

Registro efectuado como asociación XXX.”

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello con data do 21 de setembro do 2022.

TERCEIRO.- Logo de seis meses, con data do 29/03/23, recíbese nesta institución un informe remitido polo Concello de Rábade, no que, se fai constar literalmente o seguinte:

“Expediente: C.8.Q/7460/22

Asunto: Información relativa ao escrito de queixa presentado por XXX, DNI XXX

En relación ao asunto de referencia INFÓRMASE:

- Que desde o ano 2020 o Concello de Rábade ten un convenio coa Asociación Protectora de Animais “XXX”, con CIF XXX, segundo o cal son funcións da mesma:

“a) La recogida, y traslado de animales que se realizará con un vehículo destinado y acondicionado a tal efecto, sin perjuicio de lo dispuesto en la estipulación tercera de este convenio en cuanto a la necesaria colaboración de los agentes de la autoridad. El personal destinado estará dotado y acreditado con el título de bienestar animal en el transporte de animales vivos.

b) Procurar la adopción del mayor número posible de animales recogidos.

c) La aplicación de la eutanasia por métodos indoloros, que tan solo se aplicarán de manera excepcional y en aquellos animales cuyas circunstancias físicas, o psíquicas así lo requieran para el bienestar y subsistencia del resto de animales del refugio. Dicha medida se realizará siempre bajo supervisión veterinaria.

d) La realización de campañas de difusión y concienciación social para el cuidado y protección de los animales de compañía. Estas campañas se realizarán a criterio de la asociación y con la colaboración del Concello”

-Por outra banda, comunícase que o persoal municipal encargado de xestionar as actuacións necesarias en materia de protección animal era a Policía Local, que contaba con un único

membro que cesou por xubilación, estando actualmente o posto vacante e á espera da incorporación da persoa que corresponda”.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe dese Concello de Rábade, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA.- O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da cidadanía e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

SEGUNDA.- No suposto desta queixa, o escrito presentado polo promotor debería ter sido tramitado, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 39/2015).

TERCEIRA.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha reposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma, adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con presteza e sen demoras inxustificadas.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta da administración local ao escrito presentado polo presidente da “Asociación XXX”, o 4 de xuño do 2022 nese concello, propiciou que tres meses despois se dirixira á institución da Valedora do Pobo formulando queixa e solicitando a súa intervención. Cómpre significar, que a asociación promotora deste expediente foi

constituída entre outros fins para contribuír a través de todos os medios dispoñibles ao respecto e protección do benestar dos animais no ámbito de Galicia e á defensa do medio ambiente.

CUARTA.- Neste contexto, convén lembrar e valorar a tarefa que están a realizar os colectivos e asociacións protectoras de animais a prol da protección e o benestar animal e en contra do maltrato animal que continúa a producirse, polo que semella acaído combinar a disuasión que supón a imposición de sancións administrativas co exercicio proactivo da sensibilización e concienciación que asociacións como “XXX” veñen desenvolvendo, porque á súa instancia se contribúe a erradicación de moitas das problemáticas que se están a producir.

En definitiva, que as actuacións das administracións han de estar en consonancia coa evolución da sensibilidade social nesta materia, como se recolle no propio texto normativo da Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, e nomeadamente no artigo 32 cando di:

“Artigo 32. Divulgación, educación e formación

3. As asociacións de protección e defensa dos animais, especialmente as declaradas entidades colaboradoras, cooperarán coas administracións públicas de Galicia na observancia e difusión do establecido nesta lei.”

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Rábade o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local, de procedemento administrativo e de transparencia e acceso á información pública, o Concello de Rábade debe contestar expresamente sobre o escrito presentado polo promotor desde expediente de queixa no suposto de que non o tivera feito na data de recepción desta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.



Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo